



Confederación Intersindical Galega
GABINETE TÉCNICO DE SAÚDE LABORAL



Confederación Intersindical Galega
GABINETE TÉCNICO DE SAÚDE LABORAL

Confederación Intersindical Galega

A Coruña: 981 169293
Ourense: 988 233134
A Mariña: 982 561541
Pontevedra: 986 852950
Ferrol: 981 358750
Santiago: 981 583200
Lugo: 982 225812
Vigo: 986 827900

Centros públicos de asesoramento en materia de prevención da F.P.R.L (Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral-CIG)

Ferrol:
981 353049 | paula@cigsaudelaboral.org

A Coruña:
981 169293 | fernando@cigsaudelaboral.org

Lugo:
982 225812 | dulce@cigsaudelaboral.org

Ourense:
988 233134 | anxo@cigsaudelaboral.org

Vigo:
986 827903 | trinidad@cigsaudelaboral.org

Inspeccións de traballo e seguridade social

A Coruña: Tel: 981 120267 | Fax: 981 122082

Lugo: Tel: 982 223905 | Fax: 982 224273

Ourense: Tel: 988 231212 | Fax: 988 252329

Pontevedra: Tel: 986 430600 | Fax: 986 430847

Centros territoriais do instituto galego de seguridade e saúde laboral (ISSGA)

A Coruña: Tel: 981 182329 | Fax: 981 182332

Lugo: Tel: 982 294300 | Fax: 982 294336

Ourense: Tel: 988 386395 | Fax: 988 386222

Pontevedra: Tel: 886 218100 | Fax: 886 218102

Guía de Actuación Rápida

COA FINANCIACIÓN DA "FUNDACIÓN
PARA LA PREVENCIÓN DE RIESGOS
LABORALES" IT 0027/2010



FUNDACIÓN
PARA LA
PREVENCIÓN
DE RIESGOS
LABORALES



GABINETE TÉCNICO
CONFEDERAL DE SAÚDE
LABORAL - CIG

O PRIMEIRO QUE DEBES COÑECER

TODO canto se manifeste durante a xornada de traballo, en principio trátase dunha alteración derivada do traballo.

Diante de calquera alteración sufrida

Exixe o recoñecemento por parte dos médicos da Mutua. (pregunta ao empresario onde tes que acudir).

■ O médico da Mutua, despois de diagnosticar a enfermidade, pode catalogala de:

1. Enfermidade profesional
2. Accidente de traballo
3. Enfermidade común

■ Se o médico da Mutua diagnostica esta enfermidade como derivada do traballo:

1. Indicarao no parte de baixa, que se rexistrará a través da aplicación informática CEPROSS, e dará unha copia ao traballador que a solicite.
2. Proporcionará asistencia médica.
3. Informaremos desta situación ao delegado/a de prevención, a túa Federación ou ao Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral.

■ Se o médico da Mutua diagnostica esta enfermidade como común e a deriva ao médico de cabeceira:

1. Reclamaremos que nos facilite por escrito o motivo polo que deriva.
2. Iremos ao médico de cabeceira para que autorice unha baixa médica, contándolle o motivo polo que solicitamos atención médica.
3. Acudiremos ao Delegado/a de Prevención ou ao sindicato para proceder á reclamación da “Determinación de continxencia” ante o INSS.

Non debemos acudir directamente nunca ao médico de cabeceira para recibir asistencia médica polas alteracións que se manifesten durante a xornada de traballo. Lembra que ante unha alteración que se manifeste durante a xornada de traballo debes acudir SEMPRE á Mutua.

A vixilancia da saúde

O empresario garantirá aos traballadores e traballadoras ao seu servizo a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao traballo.

Esta vixilancia só se poderá levar a cabo cando o traballador preste o seu consentimento con algunha excepción: no caso de que sexa imprescindible para avaliar os efectos das condicións de traballo sobre a saúde dos traballadores/as ou para verificar se o estado de saúde do traballador/a pode constituír un perigo para si mesmo, para os demais traballadores/as ou para outras persoas relacionadas coa empresa, ou cando así o estableza unha disposición legal.

A VIXILANCIA DA SAÚDE NON SON OS RECOÑECEMENTOS MÉDICOS XERAIS.

Será periódica e específica mediante os protocolos de recoñecementos médicos elaborados polo Ministerio de Sanidade en función dos riscos inherentes ao posto de traballo.

O empresario só ten dereito a coñecer as conclusións xerais dos resultados.

Os resultados individuais só serán comunicados ao traballador/a afectado.

Os datos relativos á vixilancia da saúde non poderán ser empregados con fins discriminatorios nin en prexuízo do traballador/a.

Reclama do empresario a vixilancia da saúde anual:

1. Para coñecer se necesitas medidas especiais de protección e prevención.
2. Para coñecer se padeces unha enfermidade derivada do traballo e poder tratala como tal.

Dereitos dos traballadores e traballadoras

Todos os traballadores e traballadoras son titulares do dereito á protección da súa saúde e integridade no ámbito laboral, con independencia do tipo de contrato que teñan ou da súa adscrición ao sector público ou privado.

■ **Información:** Recibir toda a información necesaria sobre os riscos do seu posto de traballo, medidas de protección e planos de emerxencia.

■ **Formación:** Recibir formación teórica e práctica en materia preventiva, que deberá actualizarse sempre que sexa necesario. O tempo dedicado debe ter a consideración de tempo de traballo.

■ **Proposta:** Formular propostas, para mellorar a seguridade e saúde ao empresario, ao Comité de Seguridade e Saúde ou aos Delegados/as de Prevención.

■ **Participación:** Participar en todos os aspectos da prevención no traballo.

■ **Vixilancia da saúde:** O custo dos recoñecementos médicos recae sobre o empresario. O tempo investido considérase tempo de traballo efectivo.

■ **Denuncia:** Dereito a recorrer á Inspección de Traballo se considera que as medidas adoptadas e os medios utilizados polo empresario non son abondo para garantir a seguridade e a saúde no traballo.

■ **Resistencia:** Dereito a interromper a actividade e abandonar o traballo cando considere que existe un risco grave e inminente para a súa vida ou a súa saúde.

Obrigas dos traballadores e traballadoras

Os traballadores e traballadoras, en función da formación recibida polo empresario, deben:

■ **Velar** pola súa saúde e seguridade e pola das persoas ás que poida afectar a súa actividade laboral.

■ **Utilizar** adecuadamente calquera elemento ou medio co que desenvolva a súa actividade.

■ **Non poñer fóra** de funcionamento, e utilizar correctamente, os dispositivos de seguridade.

■ **Informar** de inmediato das situacións de risco.

■ **Contribuír** ao cumprimento das obrigas establecidas pola autoridade competente.

■ **Cooperar** co empresario para que este poida garantir unhas condicións de traballo seguras.

EN CASO DE ACCIDENTE DE TRABALLO

Primeira actuación

Persónate no lugar e comproba como foi atendida a persoa accidentada, tempo empregado e medios utilizados.

Recole estes datos por escrito.

No caso de accidente grave ou mortal: parar a produción ou actividade no centro de traballo.

Fíxate nas circunstancias do accidente. Recolle comentarios dos compañeiros/as que poidan aportar probas. Se podes sacar fotos, mellor.

Que ninguén toque nada ata ter constancia de que temos todos os datos contrastados por varios compañeiros e compañeiras que poidan dar fe posterior do que viron. Tamén facer fotos.

Segunda actuación

Solicitar unha reunión extraordinaria do Comité de Seguridade e Saúde, cando non teñamos maioría para decidir, co fin de analizar as causas do accidente e propoñer solucións. Nas pequenas empresas, onde non hai Comité, este traballo recaerá na Federación que corresponda ou no Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral.

Transmitir sempre os datos do accidente, causas, posibles responsábeis, solucións que se propoñen, etc. ao conxunto dos traballadores e traballadoras do centro de traballo, por medio de Asambleas, etc.

Revisar o documento de Avaliación de Riscos para comprobar se estaba contemplada na avaliación a situación que provocou o accidente.

Terceira actuación

Aprender do accidente e propoñer medidas para evitar novos riscos e accidentes no futuro.

Elaborar un informe sindical que recolla a recompilación de datos do accidente e o grao de cumprimento da normativa en prevención de riscos laborais por parte da empresa. Dito informe servirá para respaldar ao afectado e á súa familia na reclamación polos danos sufridos, diante da empresa ou pola vía xudicial.

Os servizos xurídicos da CIG coa participación do Gabinete Técnico Confederal de Saúde Laboral, analizarán as posibilidades de querela criminal se existira negligencia por parte da empresa, enviando ao Fiscal o Informe Sindical indicando que se poñan en marcha as dilixencias para a delimitación de responsabilidades.

Contacta co Sindicato aportando o máximo de datos (nome dos/as afectados, empresa, lugar e circunstancias do accidente, tipo de contrato, etc.), para asesoramento posterior e comunicación aos medios informativos.

Actuar independentemente de que a vítima sexa da empresa principal, de contrata, subcontrata, etc.

Poñerse en contacto coa familia para asegurarlle que ten ao Delegado/a de Prevención e ao Sindicato á súa disposición para todas as axudas que precise e posterior asesoramento xurídico se fora necesario.

Chamar e comunicar o accidente á Inspección de Traballo inmediatamente (a empresa ten obriga de facelo dentro das 24 horas seguintes).

Chamando ao 112 actívase automaticamente o protocolo de actuación coa Inspección de Traballo e a Fiscalía.

Comprobar:

■ Se o accidentado tiña a formación adecuada para afrontar os riscos aos que se expoñía.

■ Se a máquina ou equipo de traballo cumprían coas medidas de seguridade.

■ Se existían elementos medioambientais que podían influír sobre a reacción do traballador/a afectado.

Analizar a organización do traballo: os turnos, libranzas, rotacións aos que estivera sometido o traballador/a afectado.

Comprobar o contido do parte de accidente.

Elaborar o noso propio informe sindical para elevalo á inspección de traballo e/ou comité de seguridade e saúde e ao comité de empresa.

